

DECRETO DE ALCALDÍA

Concedida unha subvención para o desenvolvemento da acción formativa para desempregados, “ Creación e Xestión de Micro empresa ”, segundo resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 14.10.2019, para o que é preciso a contratación de docentes que impartan os módulos formativos correspondentes.

Visto:

1.- O informe emitido, con data 11/12/2019, por D. Manuel Martínez Pérez, como Director do Centro de Desenvolvemento Local que literalmente recolle: “ .. **INFORME DA NECESIDADE DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS DE DOCENTES NA OFICINA EMPREGO**

O Concello ten concedida unha subvención para o desenvolvemento da acción formativa para desempregados, “Creación e Xestión de Micro empresa”, segundo resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data 14.10.19, para o que é preciso a contratación de docentes que impartan os módulos formativos correspondentes.

Dado que a Xunta de Galicia establece como ferramenta de xestión de dito curso o aplicativo “SIFO”, no que hai que inserir os datos de docentes que se van a contratar como data límite o 30 de decembro.

Dado que o proceso selectivo de ditos profesionais, feito mediante bases publicadas en BOPO, alongaríase máis ala o 30 de decembro, e dado que a acción formativa ten que iniciarse como data límite o 13 de xaneiro de 2020 e finalizando o 17 de xuño de 2020, (contrato de 5 meses), e xornada a tempo parcial (5 horas día).

Dado que o artigo 30 do convenio colectivo (BOPPO número 6, de mércores, 9 de xaneiro de 2019), establece no apartado 3: “Cando, excepcionalmente e en función da duración do seu contrato, non existan listas ou así se estableza nas bases da convocatoria, acudirase para a provisión de vacantes ao Servizo Galego de Colocación”.

Polos motivos expostos e o amparo do citado artigo do convenio, proponse que a contratación de docentes para a impartición dos módulos correspondentes da acción formativa para desempregados: “Creación e Xestión de Micro empresa”, se faga a través de oferta presentada no Servizo Público de Emprego.”



2.- A proposta de criterios de selección que constan no expediente 4144/2019

3.- Informe do Interventor accidental D. José González Montero de data 18/11/2019 relativo a modificación orzamentaria por xeración de crédito, e RC de data 20/11/2019.

Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/85 Reguladora de Bases do Réxime Local e o artigo 10 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, procede avocar para si este asunto en concreto as competencias previamente delegadas a Xunta de Goberno e

Resolve

1.- Aprobar os criterios de selección que obran no expediente 4144/2019

2.- Presentar ante o Servizo Público de Emprego as ofertas de emprego por categoría e características que a continuación se enumeran:

2.1.- Un monitor encargado de impartir os seguintes módulos:

MONITOR	MODULO	HORAS	DATAS PREVISTAS
01	MF1788-3 Planificación e iniciativa emprendedora en pequenos negocios ou micro empresas. MF1789-3 Dirección da actividade empresarial de pequenos negocios ou micro empresas. MF1790-3 Comercialización de produtos e servizos en pequenos negocios ou micro empresas. MF1791-3 Xestión administrativa e económico - financeira de pequenos negocios ou micro empresas. MP0385 Módulo de prácticas profesionais non laborais .	460	13/01 ao 13/05 01/06 ao 10/06
01	MF1792_2 Xestión da prevención de riscos laborais en pequenos negocios	60	14/05 ao 29/05
01	FCOO03 Inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero FCOXXX24 Formación para a igualdade	10 08	11/06 ao 12/06 16/06 ao 17/06

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos



124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Ponteareas, documento asinado electronicamente
O Alcalde
Xosé Represas Giráldez

